

Sátiras
LIBRO I

1

Todos ansiamos aquilo que non posuímos. Quen aforra para gozar dunha vellez confortábel, non aproveita o produto de tal esforzo, pois para os anciáns diminúen as oportunidades de gastar os cartos. Pola contra, quen se contenta con pouco, procura a felicidade nunha existencia frugal. É difícil atopar unha conduta equilibrada, pero amorear riquezas carece de tino e razón.

Por que motivo ninguén se amosa satisfeito, Mecenas, co xeito
 [de vida que,
 ou ben lle proporcionou a súa propia conduta, ou ben lle
 [deparou o destino,
 senón que admira os que adoptan diferentes decisións? “Ai,
 [ditosos os negociantes”,
 exclama un soldado cargado co peso dos anos, e cuxas
 [articulacións xa renxen
 a causa das innumerábeis fatigas. O negociante, pola contra,
 [mentres os Austros 5
 andan a abanear o seu navío, prorrrompe: “Mellor é o oficio
 de
 [soldado, non é?
 No fragor da batalla, ao longo –poñamos por caso– dunha hora,
 ben acode a morte, ben o triunfo coroadado de ledicia”. O home
 [entendido en leis e dereito,
 no intre en que, ao cantar o galo, un cliente bate na súa porta,
 envexa o labrego, quen, á súa vez, debido á falta de
 [precaucións, se ve na obriga 10
 de abandonar o campo e emigrar á cidade¹; este considera
 [afortunados

1 A persoa citada para comparecer en sede xudicial debía procurar unha fianza que o avalista entregaría ao pretor. Consistía nunha provisión fiduciaria que garantise a presenza do convocado ante o tribunal para dirimir a causa.

unicamente os que habitan en Roma. Exemplos análogos
 [hainos abondo,
 ata o extremo de poderen cansar a facundia dunha persoa coma
 [Fabio². Non te enredo
 máis, pero presta atención onde pretendo ir parar. Se acaso unha
 [divindade
 afirmase: “Aquí me atopo. A partir de agora farei o que desexedes:
 [converteraste 15
 en negociante ti, que hai un chisco eras soldado; e ti, que hai un
 [pouco eras leguleio.
 volveraste agricultor. Trocade os respectivos postos e profesións,
 [veña!
 Por que permanecedes quietos?” Non habían querer, ho! Pois
 [deles depende
 a súa felicidade... Que vai impedir que Xúpiter con razón se
 [anoxe, infle os papos
 e os advirta de que, dende este momento, non se vai amosar
 [propicio 20
 nin disposto a obedecer as súas preces?
 Remato, para non me comportar coma un pailán a botar chistes.
 Agora ben, algo impide dicir veras entre bromas? De idéntico
 [modo,
 os mestres, con agarimo, non ofrecen aos rapaces lambetadas
 co propósito de lles aprenderen os rudimentos da instrución? 25
 Pero, en fin, desbotemos os contos, e abordemos os asuntos
 con seriedade. Aquel que remexe a terra esesa co rexo arado,
 ese taberneiro malicioso, o soldado e os mariños, os cales
 peítean, ousados, a superficie enteira dos mares, soportan
 as fatigas do traballo –seica– cun único pensamento: retirarse 30
 de vellos cun seguro pasar, cando xuntasen un xeneroso
 sustento. De igual xeito, a formiga –a comparación vén a conto–,
 pequecha en tamaño pero gran traballadora, arrastra coa boca

2 Trátase do cabaleiro Fabio Máximo (*vid. infra* I 3.134), defensor do estoicismo. Esta doutrina filosófica manifesta que o ben non reside na presenza externa dos seres, senón no interior deles.

todo o que pode, e engádeo ao montiño que anda a levantar,
 previsor e precavida ante o porvir. Despois de que Acuario,
 con tristura, lle dá a volta ao ciclo anual, ela non pon pé fóra
 e, pilla, aliméntase das provisións que antes acumulou. Porén,
 nin as brasas do verán, nin o inverno, o lume, a auga, o ferro,
 nada te afasta do carto, non vaia existir algunha outra persoa
 máis próspera ca ti. 35

Que satisfacción che reporta o feito de, con certa covardía, escavar
 un burato na terra para agochar un gran puñado de prata e ouro?
 Porque, se a consumes, mingua ata se converter nun ás de escaso
 [valor? 40

Se, pola contra, non se produce tal, que mérito ten amorear
 [riquezas?

Tríllanse na túa eira mil modios de trigo? Vale, porén iso non
 [anchea 45

o teu ventre máis ca o meu. De idéntico xeito, se levases ao lombo
 unha cesta cargada de pan polo medio do mercado de escravos
 haberías recibir tantos cachos de pan coma o que non tivese
 transportado nada. Ou interésalle algo arar cen ou mil
 ferrados de terra a quen se conduce dentro das lindes da natureza?
 Respóndeme! “Pero, que pracer apañar dun gran monte!” 50

Mentres deixes para saciarnos igual ca ti un montiño pequeno,
 por que te has gabar da túa colleita colocándoa
 dentro dos nosos canastos? Como se non precisas máis auga
 ca a dunha xerra ou dun vaso, e exclamas: “Eu preferiría encher 55
 a mesma cantidade dun río caudaloso ca dun regato”. En
 [consecuencia,

ocorre que se a algúns lle aproveita a fartura máis do aconsellábel,
 o Áufido³ rabudo arríncaos a canda a ribeira para tirar con eles.
 No extremo oposto, quen carece do chisco que necesita, non apura
 a auga ata atopala lixosa a causa da lama, nin afoga. Pola súa
 [banda, 60

3 Río da costa sur de Italia que desemboca no mar Adriático. O seu curso é regular, pois flúe impetuoso dende a nacenza e debuxa sinuosos meandros ao longo da traxectoria.

a cobiza, en van, burla moitas persoas. Sinala: “Nada é suficiente, pois tanto tés, tanto vales”. Que lle imos facer? Ordenar que

[continúe
a vivir na pobreza, na medida en que iso lle agrada. Así se evoca en Atenas a un individuo, rico e, fundamentalmente, usureiro, que adoitaba facer oídos xordos aos asubíos da xente: “A xente bérrame, pero eu atópome satisfeito de min mesmo, na miña casa, no intre de me mirar con deleite os cartiños no peto”.

65

Tántalo, mentres morre de sede, tenta botarlle a boca á corrente que lle escapa dos beizos. O mito, se trocas o nome do

[protagonista
polo teu, aplícaseche a ti. Coa boca aberta, dormes rodeado de

[saquetas
a rebentar, e atópaste na obriga de as respectares coma se fosen

70

[sacrosantas,
ou de marabillarte diante delas coma se de artísticas pinturas se

[tratase.
Ignoras a utilidade do carto, ou os beneficios que reporta?

Con el cómprase o pan, a verdura, o cuartillo de viño...

[Engadamos
todo aquilo cuxa carencia induce ao sufrimento a natureza do

[xénero humano.

75

Se cadra, prefires, mentres morres de medo, permanecer alerta e

[estarrecer,
noite e día, ante a malicia dos bandidos, os incendios, ou o temor de que os criados se amotinen e fuxan. Eu desexaría sempre vivir absolutamente privado de riquezas tales.

Non obstante, se convaleces con calafríos que che estremezan o

[corpo,

80

ou con calquera outra doenza que te afixa e te tombe no leito,

[contas con quen
sente ao teu carón, che prepare unguentos, chame polo médico,

[a fin
de que logres poñer o pé fóra da alcoba, e regresar onda os teus
[seres queridos,

é dicir, fillos e parentes? Nin a muller nin o fillo desexan o teu
 [restablecemento;
 todos os veciños e coñecidos, tanto mozas coma mozos,
 [aborrécete. 85
 Xa que todo o antepós ao diñeiro, asóbraste se ninguén che
 [brinda
 o cariño do que non es merecente? Ao mellor, cando pretendes
 [reter os familiares
 que a natureza che proporciona de xeito espontáneo, e conservar
 [os amigos,
 afánaste, desventurado, en van, coma quen lle aprende a un burriño
 dócil, para tascar o freo, a andar ás carreiras no Campo de Marte. 90
 Conclúa, entón, a ansia de adquirir bens e,
 canto máis posúas, menos debes temer a pobreza.
 Comeza a darlle fin ás fatigas, pois xa acadaches o que
 [ambicionabas,
 non che vaia ocorrer o que lle sucedeu a un tipo chamado Unidio.
 Non se alonga a chanza: rico ata o extremo de contar as moedas, 95
 tan avarento que xamais vestía mellor ca un escravo,
 sentiu medo –non fose atacalo e derrotalo a fame–
 ata o seu último día. Porén, partiuno ao medio unha liberta
 ao fendelo cunha machada, a imitación da máis valorosa
 das descendentes de Tíndaro⁴. 100

“En consecuencia, que me aconsellas? Que viva eu coma
 un Nevio, ou coma un Nomentano⁵?”. Persistes en chantarme
 [diante dos ollos
 cuestións incompatíbeis entre si. Cada vez que che recrimino
 [a túa avaricia,
 non ordeno que te convertas nun vago nin nun gastador. Existe
 unha medianía entre Tanais e o sogro de Viselio. Todo quere
 [ser o seu e, 105
 en definitiva, hai límites precisos; dende que estes se exceden,

4 O verso fai referencia a Clitemnestra, filla de Tíndaro, que asasinou ao seu home Agamenón dun machadazo ao retornar el da guerra de Troia.

5 Prototipo de vagos que vivían por riba das súas posibilidades.

non hai maneira de impoñer a rectitude.

Retorno ao punto de partida: ninguén –por exemplo, o avaro–
está satisfeito consigo mesmo e loa, se acaso, os que percorren
outras sendas. Se a cabuxiña allea ten as ubres máis inchadas, 110
a el róeo a envexa, e non se equipara á morea de xente
máis pobre, senón que se obstina en gañar a aquel e mais a
[aqueoutro,

Na súa carreira sempre se alza un obstáculo: alguén máis
[podente ca el.

Igual que un auriga, cando mete velocidade aos seus carros, insiste
en adiantar os cabalos que corren en cabeza, e despreza o que
[fica detrás, 115

tratándoo de perdedor. Así se explica que rara vez sexamos quen
de topar cun home que afirme que gozou dunha vida feliz,
e que a abandone ditoso cando lle chegue a súa hora,
coma un convidado cando se encontra farto. Abonda xa, 120
non vaías imaxinar que arramplei cos estantes do pitaco Crispino⁶.
Non vou engadir ningunha palabra máis.

6 Plocio Crispino, adscrito á doutrina estoica e poetaastro (*Sát.* I 2.139 e I 4.14 respectivamente).